



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha banda:

Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia"

Doutra:

O Concello de Culleredo, con CIF P1503100H, representado por D. José Ramón Rioboo Castro, actuando en calidade de Alcalde-presidente do Concello de Culleredo, en virtude das atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas,



EXPOÑEN

Primeiro

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións

conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Segundo

Que no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero regúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de



recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

Terceiro

Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

Cuarto

Que o Concello de Culleredo na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais é titular dunha vivenda tutelada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres, centros que cumpren os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Culleredo para o financiamento de gastos correntes derivados do funcionamento do servizo no centro municipal de acollida, que ten como finalidade proporcionar aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, tan só existen cinco centros de acollida dependentes de concellos, creados ao abeiro da Orde de 1 de abril de 1997 polo que se regulan os requisitos para a autorización deste tipo de centros. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por estes centros, levan á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer unha colaboración o máis estreita posible, con cada un dos concellos e as súas casas de acollida.



SEGUNDA. CONTIDO E BENEFICIARIOS/AS

O concello comprométese a manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero dándolles aloxamento de forma temporal ás mulleres e as súas fillas e fillos menores que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Secretaría Xeral da Igualdade achegará a cantidade de 32.200 € (trinta e dous mil douscentos euros). Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.460.0 (código de proxecto 2015 00146) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2018 para os gastos correntes efectivamente realizados no exercicio 2018 derivados do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. mediante a presentación da seguinte documentación:

1. **Memoria final** das actuacións desenvolvidas.
2. **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
3. **Conta xustificativa** integrada, con carácter xeral, polos documentos que se sinalan a continuación:
 - a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida:



b) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:

1º. o cumprimento da finalidade da subvención

2º. os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

- identificación do acredor/a
- nº de factura ou documento equivalente
- importe
- data de emisión e data de pagamento ou data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. No caso de remitir a data de recoñecemento da obriga deberán de acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria.

c) Unha declaración responsable doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 15 de novembro de 2018, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 19 de novembro de 2018. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

SEXTA. FORMACIÓN

O Concello de Culleredo comprométese a que o persoal que desenvolve as súas funcións con carácter habitual no centro prestando atención ás mulleres participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, durante a vixencia do convenio.

SÉTIMA. OBRIGAS

Correspóndelle ao Concello:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración que presta a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



- c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos e non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- d) Cooperar e colaborar coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade nas derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, procedentes doutros centros de acollida da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, de cara a unificar criterios de actuación nas citadas derivacións dentro e fóra da comunidade autónoma.
- e) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- g) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- h) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- i) Remitir trimestralmente, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, os datos relativos ás persoas usuarias do centro (nº persoas usuarias, nacionalidade, concello de procedencia, idade, estado civil, modo de derivación ao centro, vínculo co agresor, promedio de estancia no centro e discapacidade) así como a porcentaxe media de ocupación do centro. En todo caso os datos axustaranse ao modelo remitido pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o seu envío trimestral.
- j) Presentarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, xunto coa documentación xustificativa, unha memoria de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que incluírá: o número de prazas dispoñibles do centro, os datos das persoas usuarias segundo os criterios establecidos no punto anterior, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais





empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que o concello considere salientables.

OITAVA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

NOVENA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia, e os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN , REVOGACIÓN, E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestamento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.



DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no Decreto 193/2001, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de procedente aplicación.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/algunha funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da entidade local.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Culleredo queda obrigado a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias dos programas do presente convenio, tanto dos contidos en ficheiros automatizados como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa que a desenvolva.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións





contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella

O ALCALDE-PRESIDENTE DE CULLEREDO



José Ramón Rioboo Castro